


**Proxecto do Equipo de Dinamización da Lingua Galega**  
Curso 2023/24

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega**



**IES PAZO DA MERCÉ**

**Índice**

<b>1. CONTEXTUALIZACIÓN</b> .....	2
<b>1.1 A SITUACIÓN DO PROFESORADO</b> .....	2
<b>1.2 A SITUACIÓN DO ALUMNADO</b> .....	2
<b>1.3 A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO</b> .....	3
<b>1.4 A DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR NO CENTRO</b> .....	3
<b>2. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)</b> .....	4
<b>3. OBXECTIVOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN</b> .....	5
<b>3.1 INTERVENCIÓN NA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO</b> .....	5
<b>3.2 INTERVENCIÓN NA SITUACIÓN DO PROFESORADO</b> .....	5
<b>3.3 INTERVENCIÓN NA SITUACIÓN DO ALUMNADO</b> .....	5
<b>3.4 INTERVENCIÓN NA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO</b> .....	6
<b>4. ACTIVIDADES E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL</b> .....	7
<b>4.1 PROXECTOS DE CURSO</b> .....	7
<b>4.2 ACTIVIDADES CONCRETAS</b> .....	14
<b>5.PRESUPOSTO</b> .....	16
<b>6. AVALIACIÓN</b> .....	16

## **1. CONTEXTUALIZACIÓN**

O IES Pazo da Mercé das Neves é un centro que se nutre, esencialmente, de alumnado de zonas rurais e ademais dalgúns núcleos urbanos pequenos do propio concello así como tamén de Arbo, Salvaterra de Miño e Ponteareas. Son concellos en que o galego, xeralmente, ten unha presenza notoria (As Neves ten un 65,45% de persoas galegofalantes; Arbo, 60,05%; Salvaterra de Miño, 63,66%; e Ponteareas, 40,74%).

Malia que o alumnado vive xeralmente en contextos galegófonos, estase a pronunciar a perda de transmisión xeracional do galego, ao igual que na maior parte do territorio de Galicia. Ademais, os centros de educación primaria están a resultar un factor desgaleguizador, o que provoca que os discentes que cheghan co galego como lingua inicial, acaben adoptando o castelán como lingua habitual.

### **1.1 A SITUACIÓN DO PROFESORADO**

A lingua maioritaria entre o claustro é o galego e non se observan grandes problemas co uso desta. Do mesmo xeito, hai un alto nivel de compromiso e colaboración para levar a cabo as actividades en galego, tamén apoiado pola dirección.

Si podemos apreciar unha especial influencia do castelán en forma de castelanismos tanto gramaticais como léxicos. Algo que haberá que intentar mitigar para que o alumando teña referentes galegofalantes de calidade.

É destacable, tamén, que hai un alto número de profesorado que procede de cidades como Vigo, Ourense ou Pontevedra; urbes cun alto grao de castelanización.

### **1.2 A SITUACIÓN DO ALUMNADO**

Aínda que o galego non é a lingua habitual de todo o alumnado, existe unha porcentaxe notoria que emprega este idioma no ámbito familiar. Porén, a lingua muda nos contextos académicos ou formais.

En canto ás actitudes lingüísticas explícitas, salvo excepcións moi illadas, son positivas ou incluso moi positivas. Non o son tanto as actitudes lingüísticas implícitas (aquelas que deberían demostrar a eliminación de prexuízos para falar, con normalidade, a lingua coas persoas da súa idade e incluso defendela como o seu idioma propio).

Como centro raiano, o alumnado (con persoas incluso que son froito de matrimonios transfronteirizos con Portugal) sabe das posibilidades de comunicación da lingua galega por Portugal e na lusofonía mais adoitan esconder esa condición e non acaban por valorala na súa xusta medida e transmitírllela aos e ás demais.

O alumnado que fala menos galego adoita ser o que pertence aos niveis máis baixos. O alumnado que chega dos centros de primaria acostuma falar máis castelán ca os que están en niveis máis altos. Esta situación demostra a falta de fomento do equilibrio das dúas linguas no ensino primario. A porcentaxe de alumnado estranxeiro é moi pequena e adoita integrarse moi rápido na aprendizaxe da lingua galega pola continua exposición á que están sometidos. Salvo situacións moi especiais, durante os anos de exención adoitan adquirir un nivel aceptábel para entender, falar, ler e mesmo escribir.

### **1.3 A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA NO CENTRO**

Ademais do dito anteriormente sobre o profesorado e o alumnado, faltaría indicar os hábitos lingüísticos do resto da comunidade educativa PAS (servizo de Secretaría, Conserxaría, Limpeza e Cafetaría). A nivel administrativo, usan o galego con lingua normal e habitual na escrita. A nivel oral, a Secretaría usa o galego de forma, practicamente exclusiva; a Conserxaría e a Limpeza, a un 50%; e a Cafetaría nunha porcentaxe que reparte entre 65% galego e 45% castelán.

### **1.4 A DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR NO CENTRO**

Cumpre co exixido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, é dicir: as materias de lingua impártense no idioma de referencia; en galego as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da

Natureza e Bioloxía e Xeoloxía; e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química. Nas demais materias é o centro quen ten e cumpre a responsabilidade de garantir un reparto equitativo entre as que se imparten en galego ou en castelán.

## **2. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)**

Conforme o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 15, constitúese no IES Pazo da Mercé d'As Neves o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co fin de crear un programa de actividades que favorezan o emprego da lingua galega no traballo diario do centro. Está formado polas persoas que a seguir se citan:

### **Representantes do profesorado**

Miguel Silva Conde

Montserrat Santos Barroso

Fernando Groba Bouza

### **Representantes do alumnado**

Estéban Núñez Pereira

Xacobe Hernández González

Alba Ferreira Domínguez

Lucía González Domínguez

Abel Fernández Álvarez

### **3. OBXECTIVOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN**

#### **3.1 INTERVENCIÓN NA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

- a) Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos destes dous ámbitos a prol da normalización da lingua.
- b) Colaborar no desafío e realización de iniciativas dinamizadoras que poidan presentar outras entidades alleas ao centro (concello, asociacións...).
- c) Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local
- d) Traer referentes da zona que usen o galego a falar de temas de interese.

#### **3.2 INTERVENCIÓN NA SITUACIÓN DO PROFESORADO**

- e) Reforzar o uso do galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- f) Informar ao profesorado sobre as ferramentas lingüísticas que poidan facilitar a utilización do galego nas aulas.
- g) Asesorar os membros do claustro sobre as dúbidas que poidan xurdir no emprego da nosa lingua.
- h) Concienciar os docentes sobre a importancia que teñen como axentes transmisores no proceso de dinamización da lingua galega.

#### **3.3 INTERVENCIÓN NA SITUACIÓN DO ALUMNADO**

- i) Procurar que a mellora da competencia no idioma galego repercuta de forma efectiva na súa concepción do galego como lingua para os usos cultos e elevados do idioma e no seu coñecemento da variedade estándar.
- l) Promover o emprego da lingua galega nas tecnoloxías da información e da comunicación.

m) Fomentar a colaboración dos/as alumnos/as, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexos nas relacións persoais.

n) Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

ñ) Promover actitudes que incidan na dimensión comunicativa e instrumental da lingua galega en relación con contextos vivos, dándolle un protagonismo central á oralidade.

### **3.4 INTERVENCIÓN NA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

o) Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).

p) Incidir na información e na explicación argumentada e científica dirixida aos membros da comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables.

q) Sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus fillos/as coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidan despois acceder a outros idiomas.

r) Fomentar o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no ensino non universitario.

#### **4. ACTIVIDADES E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL**

O equipo de DLG seguirá a traballar en estreita colaboración co Departamento de Lingua Galega e coa biblioteca do centro, tomando como referencia as actividades realizadas en cursos anteriores, tendo en conta a avaliación destas e as suxestións recollidas polos diferentes departamentos na memoria final.

Daráselles continuidade a aquelas que foran valoradas positivamente, xa que se procura como obxectivo primordial a maior participación posible nas actividades programadas.

Recollemos aquí actividades (á maioría decidimos darlle continuidade por resultar moi satisfactorias en cursos pasados e porque consideramos continúan a ser necesarias para acadar os obxectivos).

##### **4.1 PROXECTOS DE CURSO**

Os proxectos de curso desenvolveranse ao longo das avaliacións e terán como resultado un produto final, co que se busca que o alumnado forme parte do proceso de dinamización e normalización de forma activa.



**O galego e o ocio**

**Proxecto:** un dos contextos onde o galego está máis invisibilizado para o alumando é o ocio. Os contidos que consumen están maioritariamente en castelán ou inglés e apenas coñecen produtos en lingua galega.

Para paliar esta situación, levaremos a cabo un proceso que pasará por diversas fases: (fase 1) analizar con que lingua estamos en contacto no noso tempo de lecer, (fase 2) ver que espazo ocupa o galego, (fase 3) buscar contidos nesta lingua, (fase 4) promocionalos, (fase 5) valorar que contidos en galego atopamos e cales non.

**Recursos:**

Recursos persoais:

Charla con ACOUSA, revista de contidos dixitais en galego.

Charla sobre o rap en galego con HugoGz

Charla sobre a actualidade do cine en galego con Sara Hermo

Charla sobre as redes sociais - por definir

Recursos materiais:

Impresión de cartalería do concurso de divulgación de creadores galegos para expoñer no instituto.

**Saídas do centro:**

Visita ao festival de contidos audiovisuais Carballo Interplay (Carballo)

Visita ao festival audiovisual OlloBoi (Boiro)

**Obxectivos:**

d) Traer referentes da zona que usen o galego a falar de temas de interese.

h) Concienciar os docentes sobre a importancia que teñen como axentes transmisores no proceso de dinamización da lingua galega.

l) Promover o emprego da lingua galega nas tecnoloxías da información e da comunicación.

m) Fomentar a colaboración dos/as alumnos/as, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexos nas relacións persoais.

n) Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

**Grupos:** 4º ESO A e B

**Secuenciación aproximada:**

Fase 1: Outubro e novembro

Fase 2: Novembro e decembro

Fase 3: Febreiro

Fase 4: Abril - (Concurso de pósters)

Fase 5: Maio e xuño

## O espazo do galego nas Neves

**Proxecto:** pese a vivirmos nun mundo globalizado, a miúdo non somos conscientes da cantidade de linguas que hai ao noso redor. Neste proxecto o alumando fará unha análise das linguas que poden ver e escoitar na súa contorna máis próxima. Para isto levaremos a cabo un proceso que consta das seguintes fases: (fase 1) acotar o noso campo de estudo (locais, comercios, centros de ocio, educativos, etc.), (fase 2) observación das linguas empregadas (a través dun cuestionario), (fase 3) interpretar os datos e situación do galego, (fase 4) conclusións e propostas de mellora.

### **Obxectivos:**

- a) Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos destes dous ámbitos a prol da normalización da lingua.
- b) Colaborar no desafío e realización de iniciativas dinamizadoras que poidan presentar outras entidades alleas ao centro (concello, asociacións ... ).
- c) Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local
- g) Asesorar os membros do claustro sobre as dúbidas que poidan xurdir no emprego da nosa lingua.
- ñ) Promover actitudes que incidan na dimensión comunicativa e instrumental da lingua galega en relación con contextos vivos, dándolle un protagonismo central á oralidade.

### **Recursos:**

Recursos persoais:

Charla con Rosa Moreiras, encargada do premio Lingua e Empresa

Charla con ACOUSA, revista de contidos dixitais en galego.

Charla sobre o rap en galego con HugoGz

Charla sobre a actualidade do cine en galego con Sara Hermo

Charla sobre as redes sociais - por definir

Charla co escritor: Cándido Paniagua

**Saídas do centro:**

Visita ao festival de contidos audiovisuais Carballo Interplay (Carballo)

Visita ao festival audiovisual OlloBoi (Boiro)

**Secuenciación:**

Fase 1: Novembro e decembro

Fase 2: Febreiro e marzo

Fase 3: Abril

Fase 4: Maio

**Grupos:** 1º de Bach. A e B

**Sara Leirós**

**Proxecto:** Sara Leirós é un dos casos de invisibilización das mulleres na historia. Ela formou parte do Seminario de Estudos Galegos nos seus inicios mais a súa historia quedou no esquecemento. Con este proxecto levaremos a cabo unha investigación sobre a súa historia e intentaremos divulgar a súa figura máis alá do instituto.

**Obxectivos:**

- a) Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos destes dous ámbitos a prol da normalización da lingua.
- b) Colaborar no desafío e realización de iniciativas dinamizadoras que poidan presentar outras entidades alleas ao centro (concello, asociacións...).
- c) Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local
- e) Reforzar o uso do galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- i) Procurar que a mellora da competencia no idioma galego repercuta de forma efectiva na súa concepción do galego como lingua para os usos cultos e elevados do idioma e no seu coñecemento da variedade estándar.
- o) Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).
- q) Sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus fillos/as coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidan despois acceder a outros idiomas.

**Grupos:** proxecto conxunto do EDGL

**Secuenciación:** investigación durante todo o curso

Recursos:

Recursos persoais:

Charla con Clodio González Pérez

Charla con Manuel Álvarez

Charla con Aurora Marco

**Radio Espazo**

**Proxecto:** en anos anteriores desenvolvéronse programas de radio no centro baixo o nome de Radio Espazo. Neste curso materase a iniciativa e participarase co proxecto de Ponte nas Ondas para celebrar o día mundial da radio.

**Obxectivos:** ao se tratar dun proxecto amplo e interdisciplinar, teranse en conta todos os obxectivos.

**Grupos:** toda a ESO e Bach.

**Secuenciación:** todo o curso

**Blog EquiPazo**

**Proxecto:** o Blog do EDLG leva anos funcionando a pleno rendemento e serve como lugar no que expor as actividades desenvoltas polo Equipo. Neste curso 23/24 continuarase co uso que se lle veu dando ata o de agora e tamén se utilizará como un medio de difusión das inquiredanzas do alumnado, quen fará artigos de moi diferente temática en lingua galega. <https://dinamizaiespazodamerce.wordpress.com/>

**Obxectivos:** ao se tratar dun proxecto amplo e interdisciplinar, teranse en conta todos os obxectivos.

**Secuenciación:** todo o curso

## 4.2 ACTIVIDADES CONCRETAS

**Celebración do Samaín** (30 e 31 de outubro): farase a través dun concurso de contacontos que se celebrará na biblioteca.

Obxectivos:

Fomentar a colaboración dos alumnos/as, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexos nas relacións persoais.

Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local.

Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).

**Conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero:**

Creación dun programa podcast con temática feminista.

Obxectivos:

Procurar que a mellora da competencia no idioma galego repercuta de forma efectiva na súa concepción do galego como lingua para os usos cultos e elevados do idioma e no seu coñecemento da variedade estándar.

**Conmemoración do día de San Valentín** (14 de febreiro): mediante a exposición de cartas de amor.

Obxectivos:

Fomentar a colaboración dos alumnos/as, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexos nas relacións persoais.

Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local.

Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).

**Día de Rosalía** (23 de febreiro): celebrarase a través dun recital poético no que se introducirá música e arte.

#### Obxectivos

Procurar que a mellora da competencia no idioma galego repercuta de forma efectiva na súa concepción do galego como lingua para os usos cultos e elevados do idioma e no seu coñecemento da variedade estándar.

Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

**Día mundial da radio** (13 de febreiro): farase un programa para celebrar a conmemoración e participar no Ponte nas Ondas.

#### Obxectivos

Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).

**Día das letras galegas** (16 de maio): concurso de videopoemas para homenaxear a Luísa Villalta.

#### Obxectivos:

Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local.

Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).

**Participación no Correlingua 2023:** datas e actividades por determinar, á espera de que a organización confirme a programación.



## 5. PRESUPOSTO

Carteles de creado@s galeg@s para exposición no instituto: 100€

Premios do concurso de contacontos de Samaín - subscrición a unha plataforma de streaming: 60€

Premios do concurso de video-poemas - libro e láminas: 60€

Transporte das persoas que imparten charlas: 50€ por persoa.

Transporte en autobús aos festivais audiovisuais acordados: por determinar.

## 6. AVALIACIÓN

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega reunirse de forma ordinaria dúas veces por avaliación para estudar a marcha das actividades programadas; e, de forma extraordinaria, as veces que se precisen.

Ao longo do curso cabe a posibilidade de que se poidan modificar actividades propostas por atrancos na súa realización ou outras causas. Pola contra, poden organizarse outras actividades, non incluídas no plan, que poidan xurdir e sexa posible a súa realización. Ao final do curso levarase a cabo unha avaliación das actividades realizadas e os seus resultados.